

Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos

ATEGAL- Aulas Terceira Idade de Galicia

NON LLE QUITES ANOS Á VIDA, PONLLE VIDA AOS ANOS”

“**A** Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos é unha entidade sen ánimo de lucro, colaboradora da Xunta de Galicia, na que están integradas as **Aulas da Terceira Idade de Galicia-ATEGAL**.

Centro de **formación sociocultural** que leva funcionando dende hai 37 anos, con delegacións en nove cidades: Santiago, A Coruña, Padrón, Ferrol, Vigo, Ourense, Lugo, Vilalba e Monterroso.

Pioneiros na formación de adultos, hoxe xa contamos con 1.433 socios.

O 96% dos nosos alumnos repiten ano tras ano.

Axudamos a manterte activo/a, **mellorar a túa calidade de vida** e atopar novas amizades cas que compartir o tempo.”

ACTIVIDADES ATEGAL

As nosas actividades atópanse organizadas en catro Áreas:



Literatura, Historia da Arte, Etnografía de Galicia, Francés e Inglés de diferentes niveis e Charlas-Coloquio.



Manualidades, Pintura, Debuxo, Tèatro, Música-Coro, Rondalla, Informática de diferentes niveis, Tabletas dixitais (Ipad) e Fotografía Dixital.



Memoria, Ximnasia, Pilates, Ioga, Taichí, Iogailates, Saúde e Benestar, Danzaterapia, Habilidades sociais, Actividade na auga e Zumba-baile activo.



Celebración de nadal, Entroido e Letras Galegas. Actos de Inauguración e Clausura do curso. Excursións e Visitas Culturais a Exposicións e Museos. Participación en Encontros, Festivais e Congresos. Viaxe final de fin de curso.

ACTIVIDADES-PREZOS

O curso comeza a principios do mes de outubro e finaliza o último día de maio.

A cota anual da asociación (matrícula anual) da dereito a:

- 1- Carné das aulas cos seus beneficios inherentes.
- 2- Asistencia a actos culturais e académicos.
- 3- Asistencia a charlas e conferencias.
- 4- Asistencia a encontros e congresos.
- 5- Visitas a museos e excursións culturais.
- 6- Descontos especiais para cursos monográficos de duración limitada.
- 7- Cursos gratuitos ofertados ás Aulas por outras institucións coas que as Aulas teñen asinados contratos bilaterais.
- 8- Beneficiarse dos convenios que ATEGAL asine con outras entidades.
- 9- Recibir as follas informativas publicadas polas Aulas.
- 10- Outras actividades máis.

COTA ANUAL DE MATRÍCULA :

Por persoa: 100 euros/ano

Por matrimonio: 170 euros/ano

COTA DE ACTIVIDADE :

Asinaturas de 1h duración semanal: 50 euros/ano

Asinaturas de 1h 30min duración semanal: 70 euros/ano

Asinaturas de 2h duración semanal: 80 euros/ano

Informática 1h 30min duración semanal: 80 euros/ano

Informática 2h duración semanal: 90 euros/ano

FINALIDADE

Según os estatutos da Asociación os nosos fins son:

- A promoción sociocultural das persoas adultas que desexan perfeccionar a súa formación integral contribuíndo así a elevación do nivel cultural da sociedade galega.
- Coordinar e desenvolver as funcións das Aulas da Terceira Idade na Comunidade Autónoma Galega.
- Estudar e investigar aspectos relacionados coa formación permanente de adultos e problemáticas da terceira idade.
- O intercambio de experiencias e actividades encamiñadas á mellora de calidade de vida e benestar das persoas maiores por medio de plans pedagóxicos adecuados.
- Promoción e desenvolvemento de programas de voluntariado cultural nos maiores así coma actividades que favorezan a participación activa e creativa dos mesmos.
- En xeral, todos aqueles fins e obxectivos que logren melloralo benestar persoal, a saúde integral e a calidade de vida das persoas maiores a través da súa participación en actividades socioculturais.

HISTORIA

No outono de 1978, o Ministerio de Cultura, recién creada a democracia en España, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Comunitario, a proposta do entón xesuíta Francisco Verdú Garrido e segundo o exemplo das "Universidades da Terceira Idade" fundadas por Pierre Vellás cinco anos antes en Toulouse (Francia), decidiu poñer en marcha en España o programa coñecido como "AULAS DA TERCEIRA IDADE". Este programa instituíuse simultaneamente en 22 cidades españolas como unha resposta específica ás demandas educativas e culturais das persoas maiores de 60 anos. Santiago de Compostela e Vigo foron unhas das cidades fundadoras e, por ende, pioneiras. As Aulas de Santiago, en mans do tamén Xesuíta P. Francisco Gómez, foron as organizadoras do I Congreso Fundacional das Aulas da Terceira Idade de España que se celebrou nesta cidade.

En 1978 crease tamén o **Centro Piloto Nacional das AULAS DA TERCEIRA IDADE de Madrid**.

- Nunha primeira "**fase piloto experimental**" (1978-1980), os directores, profesores e técnicos de diferentes "AULAS DA TERCEIRA IDADE", tras unha longa e profunda reflexión, debates frutíferos e intercambio de ideas puxeron as bases, fixaron os obxectivos, estableceron a metodoloxía e planificaron as áreas de actividades básicas que debían desenvolver as "AULAS DA TERCEIRA IDADE" para ser consideradas como tales.
- Nunha segunda "**fase de consolidación e profundización**" (1980-1982), as "AULAS DA TERCEIRA IDADE" seguiron crescendo, aumentando o número dos seus "Alumnos" e o número

dos seus Centros, crease na cidade da Coruña, innovando actividades e creando programas cada vez máis orixinais, máis participativos, sempre tendo como eixe a cultura e a mellora da calidade de vida, a saúde integral e o benestar das persoas maiores.

= Nunha terceira **"fase de descentralización e expansión rexional"** (1982-1984), con motivo da constitución da España das Autonomías, as "AULAS DA TERCEIRA IDADE" de España, afíanzanse, son cada vez mais coñecidas a nivel nacional e internacional e a súa repercusión benéfica no colectivo dos maiores e na sociedade onde están insertadas é cada vez máis notoria. Fúndanse as Aulas de Ferrol e Ourense, e encargáselle o P. Gómez a dirección das Aulas de Vigo.

O traballo desenvolto polas Aulas da Terceira Idade de Galicia foi recoñecido internacionalmente ca invitación do P. Gómez como experto a varios Consellos de Ministros Europeos e a I Asemblea Mundial do Envellecemento celebrada en Viena.

= Nunha cuarta **"fase de normalización e crecemento"** (dende 1985 ata a actualidade), as noventa e oito "AULAS DA TERCEIRA IDADE" que funcionan na actualidade esténdense por tódalas Comunidades Autónomas do estado español e desenvolven os seus programas de actividades socioculturais con total normalidade e eficacia. No 1986, iníciase a celebración anual dos Encontros das Aulas de Galicia.

Entre 1991-1992 créanse as Aulas da Terceira Idade de Lugo, Padrón, Vilalba e Monterroso. No 1995 crease a **Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos**, que pasa a ocuparse da xestión das Aulas da Terceira Idade de Galicia. No 1998 o P. Gómez foi elixido por unanimidade Presidente da Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade. Falece o P. Francisco Gómez e o Rvdo. P. Rafael Romero Valencia S.J. é nomeado Director das Aulas da Terceira Idade de Galicia, cargo que ocupa na actualidade.

Baixo a Presidencia do P. Rafael Romero, as Aulas conseguen mellorar notablemente a súa situación económica e comeza unha fase de renovación continua en tódalas sedes. Durante os últimos anos, varios proxectos das Aulas da Terceira Idade de Galicia (ATEGAL) foron premiados pola Obra Social Caixa Madrid, a Obra Social Viure e Conviure da Caixa Catalunya, a Fundación Pedro Barrié da Maza ou a Obra Social Bancaja. Así mesmo, hai que destacar a colaboración entre esta entidade e os concellos, nos que hai sede das Aulas, para a realización de proxectos anuais sempre novedosos e de interese para as persoas maiores.

Dende a súa fundación ATEGAL é membro da Asociación Internacional de Aulas da Terceira Idade (AIUTA) e da Confederación Española de Aulas da Terceira Idade (CEATE). Fírmanse convenios de colaboración anuais cas tres universidades galegas. Así mesmo, hai que destacar a colaboración entre esta entidade e os concellos ou deputacións, nos que hai sede das Aulas, para a realización de proxectos anuais sempre novedosos e de interese para as persoas maiores.

No ano 2004 creouse a web da Asociación, www.ategal.com, e posteriormente, no ano 2005, apareceu a revista ATEGAL de periodicidade semestral cas novidades en cada sede. Esta revista complementase ca dixital www.rumorosos.com, con artigos de opinións de profesores, autoridades e alumnos de ATEGAL.

SEDES EN GALICIA

. Sedes Sede central: **Santiago** de Compostela Rúa da Virxe da Cerca 31 15703 Santiago de Compostela
Tel: 981 581 533 FAX:981585657 Mvl: 618 184 344 coordinacion@ategal.com
administracion@ategal.com

Aulas de A **Coruña** Rúa Fonseca 8 15004 A Coruña Tel: 981 216 863 coruna@ategal.com Aulas de
Ferrol Rúa Galiano 17, 1. 15402 Ferrol Tel: 981 356 202 Mvl: 634 910 118 ferrol@ategal.com

Aulas de **Lugo** Ronda da Muralla, 140 Pabellón 6, 1º. 27004 Lugo Tel: 982 254 677 Mvl: 634 910 130
lugo@ategal.com

Aulas de Vigo Travesía do Pino 2. 36205 Vigo Tel: 986 481 600 Mvl: 634 910 119 vigo@ategal.com

Aulas de **Ourense** Rúa Progreso, 66, entr. 32003 Ourense Tel: 988 215 077 Mvl: 634 910 125
ourense@ategal.com

Aulas de **Monterroso** Espazo Cultural Lorenzo Varela Rúa Poeta Lorenzo Varela 27560 Monterroso-
Lugo Tel: 982 377 814 monterroso@ategal.com

Aulas de **Padrón** Campo da Feira s/n. 15900 Padrón- A Coruña Tel: 981 811329 padron@ategal.com

Aulas de **Vilalba** Praza da Constitución s/n. 27800 Vilalba-Lugo Tel: 982 510 305